



Proceso selectivo para a provisión dunha praza de uxier en réxime interino reservada para ser cuberta por persoas que acrediten algunha discapacidade intelectual

(DOG núm. 158, do 22 de agosto de 2017)

Segundo exercicio
Cuestionario do exame

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

NON escriba ningún tipo de marca ou dato identificativo no exame

1. ¿Que significa no texto a expresión «Coma quen di, un ninguén»?:

- a) Que é unha persoa importante.
- b) Que é unha persoa pouco importante.
- c) Que é unha persoa sen familia e sen amigos.

2. ¿Por cal das seguintes expresións se pode substituír no texto a frase «non hai quen lle tusa»:

- a) É moi rico.
- b) Ten moitos fumes.
- c) Non hai quen o queira.

3. ¿Que quere dicir Balbino ao expresar que sente a aldea pequena e estreita?

- a) Que vive nunha aldea de rúas estreitas.
- b) Que a súa aldea é moi pequena e con poucos habitantes.
- c) Que a súa aldea non lle permite coñecer e vivir todo canto desexa e soña.

4. ¿Cal das seguintes frases é equivalente a «dormir coma unha pedra»?

- a) Dormir profundamente.
- b) Dormir mal.
- c) Dormir nunha cama de colchón duro coma unha pedra.

5. ¿Qué significa «estar pingando»?:

a) Deitarse no monte.

b) Estar moi mollado.

c) Andar a saltos.

6. Se na vez de en primeira persoa o autor escribise en segunda persoa tería que escribir:

a) Naciches e criácheste na aldea.

b) Nacistes e criásteste na aldea.

c) Naceches e criácheste na aldea.

7. ¿Que é un bocoi?:

a) O macho da vaca.

b) Un recipiente de madeira para gardar líquidos.

c) Unha pedra de grandes dimensións e moito peso.

8. O que come normalmente o rapaz é «caldo con broa», isto é:

a) Caldo con pan de millo.

b) Caldo con pantrigo.

c) Broa soa.

9. Sinala cal das seguintes expresións é equivalente a «tripando uns nos outros»:

a) Pisando uns aos outros

b) Sacándose as tripas uns aos outros

c) Insultando uns aos outros

10. ¿Que é neste texto «o peteiro»?:

a) O fociño do porco.

b) A boca.

c) O pico das aves.

FIN EJERCICIO
